

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA

ANTECEDENTES

1. Con data do 17/08/2022 SOCOMGAL (Mejilloneros de Galicia Soc. Coop. Ltda.) solicitou a modificación do período de permanencia das cordas colectoras de semente do mexillón nas bateas dos polígonos da Ría de Vigo, de forma que finalice entre o 31/10/2022 e o 30/11/2022, tendo en conta o reducido tamaño da semente.
2. O 22/08/2022 FEMEX (Federación de Asociacións de Mexilloeiros) solicitou a modificación do período para a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón nas bateas de todos os polígonos de Galicia, de forma que finalice o 30/11/2022, por mor das toxinas, do retraso nas vendas e da fixación tardía da larva de mexillón na corda.
3. Con data do 26/08/2022 AMEGROVE Soc. Coop. Ltda. solicitou a modificación do período de permanencia das cordas colectoras de semente do mexillón nas bateas do Distrito do Grove, polígonos C, de forma que finalice entre o 31/10/2022 e o 30/11/2022.
4. O 20/09/2022 a Asociación de Produtores Mejilloneros Ria Nosa de Moaña solicitou a modificación do período de permanencia de cordas colectoras de semente do mexillón nas bateas de todos os polígonos de Galicia, de forma que finalice o 01/12/2022.
5. Con data do 27/09/2022 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe no que indica que, unha vez consultada a Comisión de Mexillón, non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional as pretensións mencionadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón: "*1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepase a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.*

2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do





mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepase as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.

*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, a **delegación territorial** (agora xefatura territorial), dentro do ámbito da súa competencia **poderá variar o dito período, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea.

3. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de color roxo intenso, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencia perfectamente das cordas de engorde.”

Segunda. O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe o 27/09/2022 respecto das solicitudes relacionadas nos antecedentes desta resolución, no que deixa constancia de que *“non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional as pretensións mencionadas.”*

O reducido tamaño da semente e a tardía fixación larvaria motivada polas circunstancias climáticas xustifican a necesidade de modificar o período de permanencia das cordas colectoras colocadas ata o 30 de setembro de 2022 de acordo establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro e na autorización do 3 de marzo de 2022 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Terceira. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á xefa territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial desta Xefatura, as ditas cordas poderán colocarse ata o 30 de novembro do 2022.





A dita modificación do período de colocación das cordas colectoras queda suxeita ás seguintes condicións:

Primeira. As persoas concesionarias deberán comunicar previamente e con antelación suficiente o número de cordas colectoras que permanecerán no período extraordinario (do 01/10/2022 ata o 30/11/2022), indicando o nome do viveiro e a súa localización, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do modelo PR004 ou a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmr@xunta.gal.

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

Segunda. De acordo co artigo 36.3 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivo nas augas de Galicia, as cordas colectoras que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha destas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencie perfectamente das cordas de engorde.

2. Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña

A xefa territorial da Coruña

Por suplencia (Resolución do 04/08/2022)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

